

O proxecto da memoria rectangular nace dunha idea que tivemos no Departamento de Ciencias Sociais. Afeitos como estamos a que as nosas clases se enchán de nomes e épocas lonxanos e que semellan (só semellan) non ter, para as persoas que temos diante, ningunha conexión con elas, pensamos que sería unha boa idea propoñer aos alumnos e alumnas que se achegasen á súa propia historia, e que, de paso, nos permitisen botarlle unha ollada.

Por iso desde hai uns meses vimos recollendo fotografías prestadas polos rapaces rapazas do Instituto, para dixitalizalas e crear unha especie de fondo de imaxes. Parte do resultado pódelo contemplar aquí, nas imaxes impresas en branco e negro ou en cor e que se refiren a unha multitude de aspectos que resultaron ben difíciles de esquematizar e que compoñen, entre todas, un mosaico diverso e plural que cruza todo o século XX deixando constancia dos pequenos (ou grandes) íntres das nosas historias, da nosa historia..

Invitámoste a que mires as fotografías. Algunhas delas teñen agochadas unha historia esquecida, que non nos souberon precisar.. Outras explícanse por si mesmas. Entre todas falan de nós; porque, aínda que non teñamos colaborado con ningunha imaxe nesta ocasión, seguro que temos fotografías similares na casa... Por iso, se mirar estas imaxes serve para que busques as túas e preguntes as súas historias, o noso principal obxectivo verase cumprido. Xa escribiu un gran contador de historias, Salman Rushdie, que "iso foi o que trouxemos na nosa viaxe a través do océano, cruzando fronteiras, pola vida: o noso pequeno almacén de anécdotas e do que ocorreu despois, o noso *Érase unha vez* privado. Eramos as nosas historias, e (...) a nosa inmortalidade estaría nalgúns deses relatos."

Para rematar, como non, agradecer aos alumnos e alumnas que participaron e que nos prestaron as súas fotografías, e, por suposto, ás súas familias.. Grazas!